




Vº5

DLVG81-2013

SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é o monte?	Redacción.	4-5
Os dereitos da terra como dereitos fundamentais.	Enrédate radio.	6
Que pasou cos carballos?	Alberto Lema.	7
Pasatempos.	Bort.	8-9
Hai quen vai ao monte e só mira leña...	Ánxeles B. F.	10
O monte en man común: espazo aberto á economía social.	Juan Pablo Forti.	11
O monte e noso_Sachando procomún.	Piñeiro de produción de O Monte é noso_Sachando no procomún.	12
O arrastreiro "Bernardo Alfageme": para que investimos en patrimonio histórico-cultural?	Uxío Reinoso.	13
Que é iso das redes libres?	Juan Santiago Ruetter.	14
Á Boia entrevista a...	Jose Manuel Estévez.	15
Almanaque.	HspadÁ Photography.	
Portada.	Bort.	

0.50€

nº5

Agosto-2013

COLABORA CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Locais de distribución:

Centro social Bou Eva (Vigo), Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ri (Sabaris), Café Uff (Vigo), Gova dos ratos (Vigo), Bar Hipólito (Vigo), Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Cangas), La bolera (Moaña), Rañolas Café (Condómar).

Tirada do número anterior: 185 exemplares.

Á boia por Revista Á Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NonComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.



EDITORIAL

-E que facemos co escombros? - Deixao no monte, na beira de calquer camiño.

-Onde podemos facer unha mega promoción urbanística? - É doado, no monte. Se non hai camiño o facemos.

É probable que algunha vez presenciase vostede un diálogo como o primeiro; o segundo é menos probable que o presenciara, pero teña vostede por seguro que se ten producido moitas, moitas veces. Ambos responden a unha visión contemporánea do monte. Actualmente, a maioría da poboación galega considera o monte como algo con moi pouco valor, algo inmenso e inesgotable, alleo a vida cotiá, á cidade e a política. É un espazo que non empregamos case nunca, e se o empregamos é para facer aquilo que en ningún outro sitio faríamos; dende logo nunca na porta da nosa casa, no noso barrio ou vila.

Para o poder político e económico o monte galego non ten outro valor que ser unha reserva de terreo para proxectos urbanísticos especulativos. Así, con escaso planeamento e sentido común, en metade do monte, en sitios onde nen hai poboación nen infraestructuras previas, ábreanse polígonos industriais, urbanizacións, facultades, centros comerciais..., moitos deles, de dubidosa rendabilidade económica e social, terminan baleiros. Nas últimas décadas, sartas de políticos

adobados orquestraron grandes proxectos formigoneiros no monte: o formigón é barato, o "solar" é barato, polo tanto a "foto inaugural" tamén está barata.

Esto, ademais de implicar a destrución de solo fértil, significa a fragmentación de espazos naturais, a dispersión do habitat humano e limitacións para explotación económica e social do monte: o formigón e o asfalto parten o monte, os regatos, os camiños, a paisaxe, a vida natural e a humana.

Hoxe en día, na nosa contorna, temos un lamentable exemplo desta forma de entender o monte como un simple solar, trátase do proxecto de "Porto Cabral", que pretende construír un centro comercial duns 300.000 m² a 10 km do centro da cidade de Vigo. Esta obra faríase a costa de destruír o monte comunal de Cabral, un monte que estaba sendo obxecto de rexeneración por parte dos veciños.

Agora, hai que dicir NON a "PORTO CABRAL". Simplemente, o "NON" é suficiente: o monte comunal de Cabral é desas cousas que non podemos perder para sempre.

DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"

MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR

PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

○ MONTE GALEGO

Redacción.

QUE É O MONTE?

O monte é aquel espazo “sen cultivar” que non é o urbano e está ocupado por vexetación.

O monte é un dos ecosistemas máis importantes da terra. Está conformado por unha gran biodiversidade; é regulador do clima, a atmosfera e a hidrosfera, ademais de ser un importante soporte da vida humana.

Do monte pode tirarse madeira, froitos, combustibles, caza, fertilizantes... E poder ser tamén un espazo de lecer, deporte, estudio...

○ MONTE EN GALICIA.

Pola súa xeografía e historia Galicia é terra de montes. Orixinariamente, o monte natural, maiormente bosque, ocupaba a práctica totalidade do territorio galego. Na actualidade considérase que Galicia é monte nun 69%¹, do cal menos dunha quinta parte estaría composto por bosques de especies autóctonas.



En tempos, en Galicia, case que cada familia tiña unhas parcelas de monte, de onde se obtiñan recursos para a casa e a explotación agrícola. A desaparición da explotación rural tradicional, e o fracaso dos monocultivos madeireiros, fixo caer ao monte en desgracia, desvalorizándoo social e economicamente.

○ OS PROBLEMAS DO MONTE EN GALICIA.

As plantacións de monocultivos.

Dende finais do século XIX, en Galicia estendéronse grandes monocultivos de árbores para a industria madeireira e papeleira, nomeadamente piñeiro e eucalipto. Estas especies prometeron grandes beneficios empresariais, pero non foi así. A proliferación deste tipo de plantacións conlevou unha sobreproducción e unha perda de valor da mercancía, facendo inviables economicamente as plantacións marxinais e de menor tamaño.

“En tempos, en Galicia, case que cada familia tiña unhas parcelas de monte, de onde se obtiñan recursos para a casa e a explotación agrícola.”

As especies invasoras. A continua expansión destas especies madeireiras exóticas, así como outras empregadas en xardinería e agricultura, está acontecendo a expensas do monte autóctono e das terras de labradío. As especies invasoras inutilizan terreos produtivos, desequilibran os ecosistemas, esgotan a fertilidade e recursos hídricos do chan galego... Todo isto é custoso de atallar, dificultando, ou incluso imposibilitando, certas formas de explotación como son a tradicional, a sostible ou ecolóxica (apicultura, caza, pesca, micoloxía...).

A atomización da xestión e o abandono.

Máis de 2/3 do monte galego é propiedade privada particular: calcúlase que en Galicia hai máis de 600.000 propietarios particulares de monte². O abandono destas pequenas parcelas, ocupadas maiormente

por especies foráneas de crecemento rápido, conlevan a súa dexeneración en "bosques zombies", con pouca riqueza medioambiental, excesiva acumulación de biomasa e escasa resistencia aos incendios, sendo polo tanto un risco para o resto do monte.

Os incendios. Os tres problemas descritos anteriormente son as principais causas do problema máis dramático do monte galego: os incendios, que todos os anos arrasam milleiros de hectáreas de monte, custan millóns de euros en servizos de prevención e extinción, destrúen infraestruturas públicas e bens particulares, e, desgraciadamente tamén, a vida de persoas.

QUE PODES FACER TI?

Respecto e coidados. Cando vaias ao monte, a traballar ou de lecer, sé respectuoso cos animais e plantas e co ecosistema mesmo. Non uses o monte como un vertedeiro, e sé moi coidadoso co lume.



Responsabilizarte do teu pedazo de monte. Un de cada tres galegas temos algunha parcela de monte, se ti non podes mantela en bo estado procura a alguén que si o faga, cedéndoa o arrendándoa a quen si estea interesado. Ademais de particulares e cooperativas en Galicia

existe unha institución con este propósito: o "Banco de Terras".

"As especies invasoras inutilizan terreos produtivos, desequilibran os ecosistemas, esgotan a fertilidade e recursos hídricos do chan galego."

Consumo responsable. Se precisas consumir produtos forestais industriais, preocúpate de que pertenzan á explotacións sostibles, respectuosas co medio ambiente e as poboacións locais. Alén da etiquetaxe comercial existente (FSC, PEFC... ou o selo da CRAEGA, en Galicia), é bo interesarse polas condicións de produción e calidade destes produtos: de onde veñen? Quen retén o maior beneficio? Créanse refugallo? Son reciclábeis? Son duradeiros?... Son preguntas que poden permitirte facer unha escolla máis intelixente.

Esixir un servizo público de calidade na prevención e extinción de incendios. Actualmente en Galicia non existe un servizo integral de prevención e extinción de incendios, hai 5 institucións distintas que carecen dunha planificación conxunta e están enfocadas máis a extinción que a prevención. Ademais, o actual goberno ameaza con recortes e a privatización deste servizo. Por todo isto é preciso que a cidadanía galega reclame e participe na institución duns servizos públicos enérxicos, acordes coa importancia social e ambiental do monte en Galicia.

1 - "O monte galego en cifras", Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, 2001.

2 - De media cada propietario ten entre 2 a 2,5 hectáreas, divididas en 10 parcelas. Ferreira Golpe, Miriam e Pérez García, Óscar Antón. "Os incendios forestais en Galicia". FPG, 2010.

OS DEREITOS DA TERRA COMA DEREITOS FUNDAMENTAIS.

Enrédate radio.

Sempre, pero cunha urxencia maior nestes tempos, cómpre reflexionar sobre a relación do ser humano coa natureza, Está a natureza ao noso servizo? Somos parte dela? A natureza ten dereitos? Debemos garantilos de ser así?

Segundo sexa a resposta, poderemos entender algunhas das agresións que recibe, agresións que moito tememos non sexan reparables: o burato da capa de ozono, a contaminación de ríos e mares; o cambio climático; a reciclaxe dos residuos nucleares, a falta de respecto cara a flora e fauna, e un longo ectétera de decisións que priorizan o beneficio a curto prazo; mais non pensamos que sexa o criterio idóneo a ter en conta cando falamos do ámbito onde vivimos, onde crecemos e onde imos estar.



A cosmovisión do mundo vai mudando co paso do tempo, tamén en cuestión de dereitos. No século pasado, a finais dos anos 60, unha forte onda de mobilizacións, puxo de manifesto os límites dos dereitos e así foron collendo forza demandas como as dos pobos dominados, das mulleres e das minorías sexuais, os dereitos vinculados á protección do medio e os dereitos das xeracións futuras até pasaren a un primeiro

plano ao constatare os límites ecolóxicos do modelo de crecemento económico imperante.

"A natureza si ten dereitos, e poden e deben ser lexislados e garantidos por lei."

No proceso de mundialización que sufrimos podemos identificar novos ámbitos de protección, novos suxeitos con necesidades e intereses que até este intre non foron atendidas e novas escalas de tutela de dereitos. Entres estas últimas está a protección da natureza. Na constitución de Ecuador do ano 2008 di así: "Nós o pobo soberano do Ecuador (...) celebrando á natureza, a Pacha Mama, da que somos parte e que é vital para a nosa existencia" adicándolle un capítulo enteiro aos dereitos da natureza, entre outros: respecto a súa existencia, protección, preservación, rexeneración, restauración, eliminación das consecuencias ambientais nocivas, restrición de actividades de destrución ou alteración de ecosistemas e o dereito ao disfrute do bo vivir.

"Isto sabemos: a terra non pertence ao ser humano, o ser humano pertence á terra."

-Gran Xefe Indio Seattle, da tribo dos Duwamish, 1854.

QUE PASOU COS CARBALLOS?

Alberto Lema.

No poema "Los robles" de Rosalía de Castro, incluído no seu libro *En las orillas del Sar* (1884), a poeta de Padrón describe o proceso de desaparición destas árbores dos nosos montes: (Bajo el hacha/ implacable ¡Cuán presto/ En tierra cayeron/ Encinas y robles!/ Y a los rayos del alba risueña/ ¡Qué calva aparece,/ la cima del monte!), e a súa progresiva substitución polos piñeiros; (Una mancha sombría y extensa/ borda a trechos del monte la falda Son pinares que que al suelo desnudo/ De su antiguo ropaje le prestan el suyo). Máis adiante, no mesmo poema, Rosalía confesa a súa preferencia pola árbore de folla caduca (Pero tú, encina sacra del celta/ y tu, roble de ramas añosas/ sois más bellos...) e contra o final, relaciona a súa desaparición dos nosos montes coa situación de asoballamento do noso pobo, e invoca o momento do seu regreso como un contrasinal para o empezo da loita de liberación nacional (Torna roble, árbol patrio, a dar sombra/ Cariñosa á la escueta montaña/ Donde un tiempo la gaita guerrera/ Alentó de los nuestros las almas).


"Para Rosalia a desaparición do carballo pasa a ser o símbolo do noso sometemento como pobo"

Como vemos, a desaparición do carballo, árbore totémica dos celtas segundo a historiografía nacionalista da época, pasa a ser o símbolo do noso sometemento como pobo, e a data da súa reaparición nos nosos montes ha coincidir para Rosalía co momento da nosa redención nacional. Os piñeiros, polos que Rosalía confesa tamén o seu amor, e que serán máis adiante convertidos por Pondal en emblema máximo de Galicia, non teñen para a poeta do Sar significado épico ningún, e o que

é peor, veñen a poboar os montes que antano foran lar dos guerreiros carballos.



A pregunta que nos facemos pois é: cando comezou a substitución real do carballo polo piñeiro en Galicia? Sabemos que a construción da mal chamada Armada Invencible nos estaleiros de Ferrol supuxera, no seu día, unha verdadeira hecatombe para as fragas do noso país da que nunca chegaron a se recuperar completamente, e tamén que a madeira desta árbore era a preferida na construción naval, o que ben podería ter motivado a súa sobreexplotación e progresiva desaparición dos nosos montes. Pero algo máis tivo que acontecer na Galicia do último terzo do século XIX que explique o laio de Rosalía, e que o autor deste artigo descoñece. Fica entón sen resposta este pequeno enigma para esclarecemento do historiador.





atopa as 7 diferencias no eurogalo.



Agosto

			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

HAI QUEN VAI AO MONTE E SÓ MIRA LEÑA...

Ánxeles B.F.

Vivo rodeada de monte. A cen metros da casa baixa un río, nas marxes hai salgueiros, castiñeiros, sabugueiros, carballos e todas as múltiples plantas que adoitan vivir nas ribeiras, sempre e cando as augas baixen limpas. Tamén, pintada de verde, para camuflarse? está a urbanización ilegal: os seis chalés que non poden venderse, á espera de ser legalizados... pero esa é outra historia. Cara arriba comezan as acacias, logo piñeiros e eucaliptos xuntos, máis alá só eucaliptais e, cara á esquerda, o monte que ardeu hai dous anos, azulado polo agromo, de novo, dos eucaliptos (28% da superficie arborada de Galicia). En fronte vexo unha zona extensa de solo queimado, onde intentan medrar carballos. A comunidade de montes decidiu eliminar as acacias talalándoas e botando herbicida. Quimioterapia?.


"O tratamento do monte funciona ás arroutadas, segundo as necesidades dos mercados."

De quen é o monte? Apámpanme os seguintes datos: só o 1% do monte galego é público, o 66% é propiedade privada particular e o 33% privada veciñal (mancomunidades de montes).



Hai quen no monte só mira leña....
Nos anos 40 o Patrimonio Forestal do

Estado fixo unha repoboación forzosa que colapsou a agricultura e gandería tradicionais. Agora vén a ameaza da macrominería e dos eólicos, para exportar materia prima e enerxía, non centrados na autosuficiencia da comunidade, que se instalan sen ter en conta máis puntos de vista que os económicos a curto prazo.



O tratamento do monte funciona ás arroutadas, segundo as necesidades dos mercados. Hai 3.500 empresas vinculadas ao galego que produce 2.000 millóns de euros de beneficio, o 3,5 do PIB. A Xunta está a valorar a prórroga da concesión a ENCE. As empresas ameazan, o prezo da madeira baixa, xa se importa máis barata (así desforestamos outros lugares máis pobres). A campaña social conseguiu deter as fumigacións aéreas co Cascade, prohibido en Europa. Mais de 30.000 colmeas desaparecen en Galicia cada ano. Hai riquezas que contan e outras que non.

E así andamos. No Val Miñor non damos feito: Salvemos Monteferro!, SOS Groba!, Pola Protección da Serra do Galiñeiro!

O MONTE EN MAN COMÚN: ESPAZO ABERTO Á ECONOMÍA SOCIAL.

Juan Pablo Forti.

Dende a Alta Idade Media, os montes en man común foron xestionados pola veciñanza para obter pedra, leña, madeira, pasto, caza e froitos diversos. O goberno de Franco estatalizounos, pasando a ser xestionados polo ICONA.

“Dos 1200 aserradoiros que produciron madeira de calidade quedan 200. O grupo Finsa copa o mercado.”

O goberno autonómico segue esa tradición “desenvolvista” ou “desarrollista”. As madeiras nobres non interesan en Galicia. Dos 1200 aserradoiros que produciron madeira de calidade quedan 200. O grupo Finsa copa o mercado, abastécendose de madeiras tropicais e participando na destrución das selvas do mundo.

O afán de lucro inmediato lévanos polo mal camiño: o piñeiro e o eucalipto constitúen o 90% da madeira cortada en Galicia para abastecer ás industrias da pasta de papel e do conglomerado, á que lle serve igual a madeira queimada, que paga a 6 euros a tonelada en lugar de a 30. O lume é por tanto un negocio redondo que move ademais moitos millóns na súa extinción. E segue a medrar... Xa se están a sementar eucaliptos coa idea de producir electricidade da forma menos eficiente, a biomasa.

Mais o cambio está nas nosas mans. Existen preto de 3.000 comunidades de montes en Galicia, que ocupan entorno ás 700.000 has (un 23% da superficie gallega, 40% da superficie forestal). As galegas somos soberanas destas terras, e 300.000

persoas desempregadas en Galicia ben se poden ocupar delas.

É posible: o pobo sevillano de Marinaleda accedeu ás 1000 hectáreas que o “Duque del Infantado” tiña en desuso. Hoxe 1.100 persoas traballan nelas e na industria transformadora (aceite e conservas) creada cos excedentes da cooperativa agraria. Alí non existe o desemprego, nin hai quen se lucre do traballo alleo nin da riqueza da terra: é un pobo soberano da terra que traballa.



Marinaleda loitou máis de 15 anos para ter acceso a esas 1.000 hectáreas, igual que os galegos loitaron por recuperar os montes en man común tras a morte do caudillo, conseguidos no ano 81. Seremos quen de dar o paso de poñelo en valor, explotalo diversa e sustentablemente, transformar e comercializar as súas materias primas de xeito cooperativo?

É cuestión de tempo...

O MONTE É NOSO _ SACHANDO PROCOMÚN.

Piñeiro de produción de O Monte é noso_Sachando no procomún.

O Monte é noso_Sachando procomún é un proxecto colaborativo e horizontal que procura a visibilización dos Montes Veciñais en Man Común (MVMC) e das Comunidades que os xestionan, así como a (re)apropiación destes montes por parte da veciñanza por seren os garantes na sustentabilidade dos territorios. Aspira a entender novos modelos de gobernanza como exemplo activo de procomún.

Os MVMC teñen como característica principal que a súa propiedade é comunitaria, nin depende do estado nin está en mans privadas: depende da colectividade que reside de forma cotiá nun territorio, o que vén demostrar que existen alternativas funcionando á propiedade público/privada.

“Os Montes Veciñais en Man Común teñen como característica principal que a súa propiedade é comunitaria, nin depende do estado nin está en mans privadas.”

A súa orixe pérdese no tempo e baséase no Dereito Xermánico, no cal cada un é propietario dun ben mentres vive nese lugar, perdendo os seus dereitos se traslada o seu lugar de residencia habitual. Oponse así á habitual propiedade herdada (Dereito romano).

Este tipo de propiedade está sendo ameazada pola agroindustria, por intereses políticos e pola mala xestión das comunidades, cunhas estruturas que non son ás veces transparentes.

Para realizar o proxecto contamos con 3 dispositivos:

- **Cartografías:** Un recurso online de partillamento de información sobre os MVMC.
- **LAR:** Espazo de investigación dos mecanismos de xénese, xestión, participación, gobernanza e aproveitamento do MVMC no que fixemos unha wiki.
- **Residencias** temporais de investigación, intervención e acción creativa nos MVMC a través da interacción coa contorna física e humana.

Os contidos de O Monte é noso_Sachando procomún entran en relación co que denominamos “patrimonio imaxinario dos montes”, e, nomeadamente, no que estes representan nos nosos imaxinarios.

Queremos partillar o proxecto para construír xuntos os dispositivos que permitan acadar os obxetivos de visibilidade, revalorización, reapropiación e disfrute do monte en mancomún. Na nosa proposta priorizamos a implicación da comunidade local.

Chamamos ás Comunidades de MVMC que queiran participar e a todos os interesados en colaborar escriban a omontenoso@gmail.com ou nos visíten en www.montenoso.net.



O monte é noso
sachando procomún

www.montenoso.net.

O ARRASTREIRO “BERNARDO ALFAGEME”: PARA QUE INVESTIMOS EN PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL?

Uxío Reinoso.

A finais de 1999 unha xoia do patrimonio histórico galego estivo a piques de desaparecer. O Bernardo Alfageme, un arrastreiro feito en Barreras en 1944 que foi un auténtico pioneiro da industria pesqueira galega, despois de 55 anos traballando no Gran Sol, Terranova e outros caladoiros “galegos”, estaba camiño do despezamento.

Afortunadamente a Asociación de Mariñeiros de Bouzas decatouse desta situación e artellou unha campaña que subscribiron outras 16 entidades: había que conservar esta peza de historia e reutilizala como “aula de pesca”.

“Hoxe en día o Alfageme está amarrado sen uso e mantemento algún, facendo inútil os preto de medio millón de euros que xa investimos nel.”

Seguidamente, o propietario cedía o barco gratuitamente ao patrimonio municipal.

Dende entón a historia do Bernardo Alfageme é un rosario de despropósitos administrativos. Despois de moitos problemas para atopar o financiamento, en 2005, o Concello conseguiu 274.000 € dos fondos Feder da UE para restauralo arrastreiro exteriormente. O proxecto do Concello era situa-lo barco na entrada da lonxa do Berbés. Posteriormente, considerouse que sacar o buque do mar e colocalo nunha rotonda era absurdo, estabábase a descontextualizalo e a minguar as súas posibilidades didácticas. Pero para este propósito o Concello atópase con dous “problemiñas”: Vigo non ten un só

punto de amarre de propiedade municipal, non hai cartos para paga-lo amarre privado e facer unha nova restauración que asegure a súa navegabilidade.

En 2007 albíscase unha solución a estes problemas: asociar o Alfageme ao Museo do Mar. Pero isto suporía un gasto engadido ao da “restauración de navegabilidade” (valorada en 600 mil euros): ter que facer un novo peirao no Museo cun custo de máis de 300 mil euros.



Foto: Uxío Reinoso.

Finalmente non houbo acordo de financiamento algún, nin Xunta, nin Autoridade Portuaria, nin Concello foron capaces de implementar proxecto ningún.

Hoxe en día o Alfageme está amarrado na dársena de Bouzas (cun custe de 9,3 €/día), sen uso e mantemento algún, facendo inútil os preto de medio millón de euros que xa investimos nel.

Sen dúbida, investir en patrimonio debe perseguir un único propósito: que nós e as xeracións vindeiras podamos gozalo.

QUE É ISO DAS REDES LIBRES?

*Juan Santiago Ruetter.

Empresas como Facebook, Twitter ou Google fannos crer que nos regalan servizos, na realidade nos converten na súa materia prima, usando os seus servizos poñemos máis diñeiro nas súas contas e poñemos as nosas comunicacións nas súas mans, facémonos dependentes.

“Empresas como facebook, twitter ou google fannos crer que nos regalan servizos, na realidade nos converten na súa materia prima.”

Unha das formas máis coñecidas de liberar tecnoloxía é o software libre, coa súa vertente máis coñecida, Linux. Pero iso non é todo, moitos somos as persoas que pensamos que as tecnoloxías non deben ser ferramentas do capitalismo, pensamos que si poden ser ferramentas de loita contra este, que poden servir para mellorar as nosas condicións de vida, somos conscientes de que antes disto, toda tecnoloxía útil así como todo coñecemento deben ser liberados, é dicir, non estar baixo o control da oligarquía, deben estar baixo control popular.



Non nos contentamos con que nas nosas computadoras só haxa software libre, tamén estamos creando un mundo libre en internet. Unha parte deste son as redes libres.

Para que unha rede sexa considerada libre pedímoslle os seguintes requisitos:

1. Estar realizada con software libre, compartir o código.
2. Non espiar aos seus usuarios, non vender datos dos seus usuarios.
3. Non censurar.

E se nos poñemos máis estritos:

4. Ser unha rede distribuída e federada, é dicir, non estar nun só servidor e dominio, senón permitir que distintos individuos ou colectivos instalen nos seus servidores os seus propios nodos desta rede, pero que os usuarios destes nodos poidan interactuar como se dunha soa rede se tratara. Desta maneira ninguén posúe a info de todos os usuarios, ninguén posúe os arquivos de todos os usuarios e... pode caer un nodo, ou poden caer moitos nodos, pero nunca toda a rede.
5. Estar construída, sostida e administrada de maneira social-comunitaria horizontal e asambleariamente.

Un dos mellores exemplos é Diaspora.

Por iso vos invitamos a Diaspora.

* Membro de 15-M Conciencia Social.

A BOIA ENTREVISTA A...

JOSE MANUEL ESTÉVEZ,

MEMBRO DA PLATAFORMA DE AFECTADOS DE LIÑEIRIÑOS.

- 1. Para vos, como comuneiros, cales son as principais razóns para oporse ao proxecto de Porto Cabral?**

A venda do monte, e o destrozo dunha superficie forestal de moito valor.

- 2. Que procurades dende a Plataforma de Afectados por Liñeiriños?**

Que non se realice o proxecto.

- 3. É criticable a actuación da directiva da comunidade de montes neste asunto? É a do Concello?**

Moi criticable, pois pretendía levalo a cabo dun xeito oscurantista, e co apoio do Concello de Vigo.

- 4. Cual é situación actual? Cal sería o próximo paso?**

Estamos agardando que a xunta rectora convoque novas asembleas. A nosas accións irán encamiñadas a informar a todas a veciñanza do destrozo forestal e ecolóxico que causaría, e a perda de postos de traballo no sector comercio de toda a cidade.

- 5. En que estado se atopa actualmente o monte en Liñeiriños? É proveitoso para a veciñanza?**

Do lugar que falamos non é propiamente un monte, senon un parque forestal, o cal se atopa perfectamente conservado, e é un lugar de esparcemento para toda a cidade. O resto do monte de Cotogrande é de produción forestal, o cal xenera ingresos que repercuten en beneficio da parroquia.



Foto: Fran Riveiro.

